PROXECTO DE INVESTIGACIÓN INTERUNIVERSITARIO "AS VÍTIMAS, OS NOMES, AS VOCES E OS LUGARES"

RESUMO DE DATOS DO INFORME DE PROGRESO

XUÑO 2008

Proxecto de Investigación Interuniversitario "As vítimas, os nomes e as voces"
Edificio Monte da Condesa, 2º Andar
Campus Universitario Sur-15782 Compostela
Tfono. 981563100, Ext. 13598

Introducción: O Proxecto de Investigación

No mes de abril de 2006, as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña asinaron un convenio de colaboración coa Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia para levar a cabo un programa de investigación sobre a guerra civil e a represión en Galicia baixo o título “As vítimas, os nomes, as voces e os lugares”.

Un equipo de especialistas en historia contemporánea dirixe e coordina este amplo traballo sobre a memoria da guerra civil en Galicia centrado en tres liñas de actuación: a elaboración dunha base de datos coa relación dos represaliados da guerra civil, a constitución dun fondo de gravacións sobre a memoria oral da guerra e a determinación dunha xeografía da represión.

Estrutura de traballo

O equipo esta formado por especialistas en Historia Contemporánea que están a pescudar e coordinar un ambicioso traballo ao redor da represión franquista en Galicia. Os membros do equipo son: Lourenzo Fernández Prieto (Catedrático de Historia, Investigador Principal); Emilio Grandío Seoane (doutor en Historia contemporánea e coordenador dos estudos na provincia da Coruña), María Jesús Souto Blanco (doutora en Historia contemporánea e coordenadora dos estudos na provincia de Lugo), Julio Prada Rodríguez (doutor en Historia contemporánea e coordenador dos estudos na provincia de Ourense), Dionisio Pereira (investigador especialista na historia do movemento obreiro e coordenador da provincia de Pontevedra), Xosé Manoel Núñez Seixas (Catedrático de Historia e coordenador da Galicia Exterior), Xurxo Pantaleón Cadilla (coordenador técnico), Andrés Domínguez Almansa (doutor en historia e investigador-contratado), Gustavo Hervella García (investigador-contratado), Antonio Miguez Macho (doutor en historia e investigador-contratado), Mónica Rocha Novoa (investigadora-bolseira de colaboración), Antonio Somoza Cayado (investigador-bolseiro de colaboración) e Chus Martínez Domínguez (responsable de www.anodamemoria.com).

Obxectivos

- Constitución dun fondo de gravacións sobre a memoria oral da guerra.

- Elaboración dunha relación nominal dos represaliados mediante a elaboración de bases de datos específicas.

- Determinación dunha xeografía da represión.

As vítimas contabilizadas da represión en Galicia. 1936-1939

- As fontes utilizadas para a realización do presente informe son:

  - As causas militares das xurisdicións de terra e Mariña da IV Rexión Militar con sede en Ferrol entre os anos 1936-1939. Durante parte do ano 2006 e o 2007 realizouse un completo baleirado desta documentación, incorporándoa ao arquivo do Proxecto de Investigación.
  - Os rexistros civís de Galicia. No ano 2007 e 2008 procedeuse ao baleirado completo dos rexistros civís de defuncións dos concellos de Galicia para as catro provincias, así como algúns de Zamora e Pasaia (Guipúscoa) entre 1936-1939.
  - O baleirado da bibliografía existente para o período da guerra civil en Galicia, utilizándoa momentaneamente, de xeito selectivo
  - A realización de 349 entrevistas en Galicia, Asturias, Barcelona, Girona, Arxentina, Cuba e Uruguai.

Proxecto de Investigación recolleu ao longo destes case tres anos unha listaxe dos represalia@s polo franquismo en Galicia entre os anos 1936-1939. Para a súa sistematización, elaboráronse diferentes bases de datos que, combinadas entre si, ofrécennos os resultados que nas seguintes páxinas amosaremos. É evidente que aínda que se traballou con moitas fontes, os

investigadores do proxecto están a traballar con outras que incrementarán dalgún xeito o número final de represaliados, non así o seu significado nin a súa distribución territorial.

- Nos primeiros cadros amosamos o número de mortes contabilizadas polo proxecto de Investigación, segundo a tipoloxía, o sexo, a idade, a distribución cronolóxica e a profesión. Podemos deducir que son mortes dos elementos novos e máis activos da sociedade, presentando un número elevado nos primeiros meses tras o golpe de Estado. Así mesmo, amosamos unha comparativa con territorios nas mesmas circunstancias que Galicia en xullo de 1936.

- Os cadros que fan referencia aos procesados analizan o número de persoas que sufriron un xuízo por parte das autoridades militares: Os condenados a pena de morte, os conmutados desta sentenza a cadea perpetua, os que foron condenados a esta última pena, os que padeceron anos de prisión con condenas menores, os absoltos, sobreseídos e os declarados en rebeldía. Tamén analizamos os datos polo sexo, idade, cronoloxía dos procesos e profesións.

-Os últimos cadros analizan o traballo que sobre o fondo oral e gráfico do proxecto se levou a cabo desde maio de 2006 até agora. Presentamos a distribución de entrevistas e unha clasificación dos entrevistados respecto á represión, a distribución por sexo e por provincias. Por último, sinalamos a documentación máis importante da que se dispón, así como o total de documentos dixitais que está en proceso de clasificación.

1. Vítimas contabilizadas da represión franquista en Galicia

	HOMES	MULLERES	TOTAL	DATOS PORCENTUAIS
Procesados/as sen resultado de morte	7129	274	7403	67,4 %
Vítimas con resultado de morte	3511	77	3588	32,6 %
Total de vítimas	10640	351	10991	100%


1.1 Represaliados/as contabilizados/as en Galicia

Vítimas contabilizadas con resultado de morte	
Homes	3511
Mulleres	77
Total	3588


Vítimas contabilizadas en procesos militares	Homes	Mulleres	Total
Procesados/as sen resultado de morte	7129	274	7403
Procesados/as con resultado de morte	841	4	845

1.2 Represaliados/as contabilizados/as en Galicia. Distribución por xénero

Homes



Mulleres




2. Vítimas da represión contabilizadas en Galicia con resultado de morte segundo tipoloxía. 1936-1939

2.1 Análise das vítimas contabilizadas con resultado de morte. Distribución segundo a tipoloxía


Tipoloxía	Número de mortes	Datos porcentuais
Extraxudicial	1911	53,3 %
Execución	845	23,5 %
Execución sen formación de causa	391	10,9 %
Morte na cadea	240	6,7 %
Morte sen identificar	201	5,6 %
Totais	3588	100 %

2.2 Análise das vítimas contabilizadas con resultado de morte. Distribución por xénero




	Mortes
Homes	3511
Mulleres	77
Total	3588

2.3 Análise das vítimas contabilizadas con resultado de morte. Distribución por grupos de idade[1]



2.4 Análise das vítimas contabilizadas con resultado de morte. Distribución por profesións


Labregos/as	472
Mariñeiro/as	245
Operarios/as e artesáns/ás	1001
Clases medias e profesionais	985
Traballo na casa	25
Outros	2
Sen determinar	858
Total	3588



[1] A vítimas máis nova que ten constatado o proxecto é unha nena de Lavadores (11 anos) morta nas barricadas de xullo de 1936. O máis ancián é un home de Paradela (84 anos) que morreu na cadea de Sarria en 1937.


2.5 Análise das vítimas contabilizadas con resultado de morte. Distribución por profesións (detalle)

Labregos/as	472
Mariñeiro/as	245
Operarios/as e artesáns/ás	1001
Empregados/as -servizos-	182
Funcionariado empregados/as cualificados/as	215
Mestres/as	80
Militares e corpos de seguridade	286
Profesionais liberais	94
Pequenos/as industriais e comerciantes	113
Traballo na casa	25
Estudantes	15
Sacerdotes	2
Sen determinar	858
Total	3588




3. Vítimas contabilizadas da represión franquista en procesos militares de Galicia. 1936-1939

3.1 Procesados/as contabilizados/as en Galicia



	Homes	Mulleres	Total
Pena de morte	843	2	845
Morte conmutada	174	6	180
Perpetua	1299	20	1319
Outros cadea	1716	84	1800
Absolución	652	47	699
Sobresemento	1868	111	1979
Rebeldía	1420	6	1426


3.2 Procesamentos en Causas Militares de Terra e Mariña abertas. Cronoloxía



	Nº de causas
1936	838
1937	992
1938	516
1939	262
Total	2608

3.3 Análise dos/as procesados/as contabilizados/as con resultado de prisión. Distribución por profesións


Labregos/as	624
Mariñeiros/as	500
Operarios/as e artesáns/ás	1104
Clases medias e profesionais	794
Traballo na casa	35
Sen determinar	242
Total	3299



Proxecto de Investigación Interuniversitario "As vítimas, os nomes e as voces"
Edificio Monte da Condesa, 2º Andar
Campus Universitario Sur-15782 Compostela
Tfono. 981563100, Ext. 13598

3.4 Análise dos/as procesado/as contabilizado/as con resultado de prisión. Distribución por profesións (detalle)

Labregos/as	624
Mariñeiros/as	500
Operarios/as e artesáns/ás	1104
Empregados/as -servizos-	167
Funcionariado e empregados/as cualificados/as	139
Mestres/as	39
Militares e corpos de seguridade	283
Profesionais liberais	45
Pequenos/as industriais e comerciantes	96
Traballo na casa	35
Estudante	25
Sen determinar	242
Total	3299




4. O fondo oral

- Creación dunha base de datos de entrevistas.

- Realización de 349 entrevistas en Galicia, no Estado e en América.

4.1 Base de datos de entrevistas



Proxecto de Investigación Interuniversitario "As vítimas, os nomes e as voces"
Edificio Monte da Condesa, 2º Andar
Campus Universitario Sur-15782 Compostela
Tfono. 981563100, Ext. 13598

4.2 Total de entrevistas

	Realizadas polo Proxecto	Anteriores ao Proxecto e recollidas por el	Totais arquivadas polo Proxecto
Número de entrevistas	347	48	395

Realizadas en Galicia


Provincia	Número
A Coruña	103
Lugo	44
Ourense	36
Pontevedra	135
Total	318

Realizadas no Exterior

Lugar	Número
Arxentina	17
Asturias	2
Barcelona	2
Cuba	2
Girona	1
Uruguai	5
Total	29


4.3 Entrevistas. Distribución por xénero


	Homes	Mulleres
A Coruña	67	36
Lugo	26	18
Ourense	21	15
Pontevedra	61	74
Exterior	18	11
Totais	193	154





Proxecto de Investigación Interuniversitario "As vítimas, os nomes e as voces"
Edificio Monte da Condesa, 2º Andar
Campus Universitario Sur-15782 Compostela
Tfono. 981563100, Ext. 13598

4.4 Entrevistas. Distribución territorial das entrevistas por concellos










	1 Entrevista		[2-5] Entrevistas		[6-9] Entrevistas		10 ou máis entrevistas

Proxecto de Investigación Interuniversitario "As vítimas, os nomes e as voces"
Edificio Monte da Condesa, 2º Andar
Campus Universitario Sur-15782 Compostela
Tfono. 981563100, Ext. 13598

4.5 Entrevistas. Condición dos/as entrevistados/os respecto á represión

	Represaliados/as directos/as	Familiares de represaliados/as	Inf.
A Coruña	19	73	11
Lugo	7	31	6
Ourense	6	26	4
Pontevedra	21	110	4
Exterior	4	24	1
Totais	57	264	26




5. Contido do fondo documental

- Material fotográfico e documentos de texto: 6.011 imaxes dixitais.

- Material cinematográfico: película inédita de 1934.

5.1 Base de datos e consulta de imaxes



Proxecto de Investigación Interuniversitario "As vítimas, os nomes e as voces"
Edificio Monte da Condesa, 2º Andar
Campus Universitario Sur-15782 Compostela
Tfono. 981563100, Ext. 13598